Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o mércores día 12 de marzo de 2008 ás 10 h 50 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); Manuel Megías Pacheco (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Joám J. Santamaría Conde (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Desculpan a ausencia Mercedes Suárez Pazos (CIG); Manuela Raposo (UXT); Carmen Becerra Suárez (CCOO).

Os puntos da orde do día foron:

1. Aprobación, se procede, da acta da xuntanza anterior
Aprobouse por asentimento a acta da sesión anterior introducindo aquí dúas matizacións. O Presidente deixou constancia de que, no informe, dixera que a páxina web da Xunta de PDI estaba operativa. O profesor Santamaría fixo constar que "ó final do primeiro parágrafo do informe que se recorde que o tema fora tratado na sesión anterior".

2. Informe
O Presidente informou de que estaba solucionado o tema proposto a requerimento do profesor Francisco Rei respecto á instalación de cámaras de control na Escola de Peritos.

3. Enquisas
Aprobouse por unanimidade:
solicitarlle ó equipo de goberno resposta sobre o desvencellamento das enquisas docentes do complemento retributivo;
en caso de non recibir resposta do equipo de goberno, elaborar un documento para pedi-la sinatura do profesorado para solicita-lo desvencellamento das enquisas docentes do complemento retributivo;
seguir pedindo que o profesorado non participe nas enquisas docentes;
coordinarse co PDI laboral para pedirlle solidariedade neste tema.

4. Posicionamentos da Xunta de PDI a respecto da extinción de contratos administrativos
Aprobouse por unanimidade que se aplique a posibilidade de prórroga de contratos que se extingan en 2008 ata 2012 segundo figura na disposición transitoria cuarta da última reforma da LOU.
Tamén se aprobou por unanimidade que se estude a posibilidade de ofrecerlles ós profesores con categoría A3T3 o programa de xubilación anticipada do PDI funcionarios.

5. Negociacións co equipo de goberno. Posicionamento da Xunta de PDI

Aprobouse por unanimidade esixirlle á Reitoría que responda á solicitude da Xunta de PDI para o establecemento da negociación sobre a táboa reivindicativa proposta na xunta anterior.

6. Gasto de Acción Social e da Xunta

O Presidente dixo que introducira este punto na orde do día para responder ás preguntas que lle fixera a profesora Generosa Fernández.

No que atinxe á Acción Social, o Presidente fixo unha pequena historia do gasto social, presentou a copia que lle proporcionaran os servizos de contabilidade do balance do último ano e salientou o feito de que lle cargasen a esta conta os gastos de xestión dos representantes do PAS na preparación dos intercambios vacacionais. Por petición do presidente, aprobouse por asentimento rexeitar este procedemento e notificarlle á Xerencia que a Xunta de PDI considera que eses gastos deben ser asumidos pola Universidade, como calquera outro gasto de xestión da mesma. Ademais, o Presidente apuntou a posibilidade de cambia-lo sistema de asignación ou de xestión dos fondos, a cal é conxunta cos PAS neste momento.

Por último, o Presidente despois de repasa-la historia do procedemento de repartición do diñeiro da Xunta de PDI, pediu que se avaliase a posibilidade de cambiala. Houbo intervencións dos profesores Joám Santamaría e J. Enrique Ares e Generosa Fernández. Esta última pediu que constase en acta o seu agradecemento por poñer á disposición da súa central sindical o extracto de gasto social e a existencia de fondos para a Xunta de PDI. Segundo ela, como consecuencia de se-la primeira noticia que a central AGPTU ten da existencia de fondos, a súa central sindical non tramitou ningún gasto nos últimos catro anos.

Acordouse por unanimidade pospoñer ámbalas dúas decisións de cambio na distribución e/ou xestión dos ditos fondos.

7.- Rogos e preguntas

O profesor Joám Santamaría rogou que se convocase a Xunta de PDI cunha anticipación de sete días.

O profesor J. Enrique Ares rogou que se fagan as xestións oportunas para evitar coincidencias de convocatorias da Xunta de PDI con convocatorias de órganos colexiados que requiran a presencia de membros da Xunta de PDI.

A profesora Generosa Fernández rogou que, se se volvese convocar unha Xunta de PDI en mércores, que se fixese ás 11 horas.

A profesora Generosa Fernández preguntou se o Presidente da Xunta de PDI tiña noticias de en qué estado estaba o programa Docentia nesta universidade. No caso de que non tivese ningunha noticia, rogaríalle ó Presidente que solicitase en qué fase de implantación está.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12 horas 50 minutos.

Vigo, 12 de marzo de 2008

O Secretario — O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso — Asdo. Camilo Vázquez